

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2021/06	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	24 de XUÑO de 2021
Duración	Desde as 21:00 ata 23:30 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ
Secretario	MINIA ASTRAY BARCA

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SI
78799331C	ALBINO GARCÍA TRILLO	SI
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SI
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SI
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GANDARA	SI
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SI
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SI
33253117Q	JUANA LAGO PROL	SI
78789855C	MANUELA BARCIA VÁZQUEZ	SI
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SI
33290705E	MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO	SI
44842747S	RAQUEL GARCÍA BARREIRO	SI
76518187Q	TOMÁS GOSENDE CAMBEIRO	SI



Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1.- Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación

Con respecto á aprobación da sesión ordinaria celebrada o 29.04.2021, toma a palabra o voceiro do BNG o Sr. Núñez para indicar que nun dos rogos plasmase na acta que o BNG dixo “sabemos que non hai irregularidades” e o que se dixo e que debe constar en acta é “que precisamos datos para saber que non hai irregularidades”. Trala rectificación no rogo do BNG procédese á votación para a aprobación da acta da sesión ordinaria do Pleno do 29.04.2021 que apróbese por unanimidade.

2. Expediente 502/2021. Modificacións de crédito.

Favorable

Tipo de votación

DEBATE

Toma a palabra o Sr. González para expoñer a proposta de acordo relativo ao expediente 502/2021 de modificación de crédito, crédito extraordinario con cargo ao remanente líquido de tesourería. Indica que o que pretende é habilitar crédito para realizar un arranxo en profundidade de dous parques infantís do Concello, que teñen esta necesidade, o parque da Cruz e o parque de Ponte Nafonso. Isto está fundamentado nunha memoria valorada incorporada no expediente e que se achega a 34.000€. esta actuación acompaña tamén outra actuación destinada ao mantemento de reparación de varios parques sen ser tan profundas esas reparacións, estes son os parques do Areal, Horta do Muíño, Portosiavo, Cando e San Ourense que se fan con recursos propios do orzamento.



Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos que indica que con referencia á necesidade de arranxo e mellora dos parques infantís temos que decir que durante os anos que o noso Grupo estivo no Goberno sempre foi unha das nosas prioridades manter as instalacións existentes nas máximas condicións de seguridade para os usuarios, ademais de dotar ao Concello de novas instalacións deste tipo (Broña, O Freixo, San Cosme, Vistalegre...), foron parques que se fixeron nos 4 anos da anterior lexislatura. Por eso entendemos que calquera goberno municipal debe acometer actuacións neste sentido, sendo imprescindible facer unha adecuada revisión e mantemento durante todo o ano de todos os parques, dos mais antigos e tamén dos mais novos.

Continua indicando a Sra. Molinos que de todos os xeitos, lamentamos que o Goberno siga na mesma tónica habitual de traer á aprobación do Pleno expedientes deste tipo sen falar e intentar consensuar antes coa oposición, ao menos con nos. Pensamos que estas actuacións, que vostedes pretenden financiar cos Remanentes de Tesourería, deberían ter cabida dentro do Orzamento Anual do Concello, pero aquí está o problema, este Goberno que na teoría nos debe gobernar ordenadamente a todos os Outenses, non foi quen de presentar no que levamos de lexislatura uns Orzamentos en tempo e forma para que cada 1 de xaneiro de cada ano estruturen a economía municipal segundo as necesidades de cada departamento e non se actúe con improvisación e sen partidas adecuadas que permitan actuar segundo a realidade do momento. Estamos finalizando o 1º semestre do ano e do Orzamento 2021 aínda non temos novas. O que lle pedimos Sr. Alcalde é que se poñan a traballar e que confeccionen este documento para que lles sirva de base e guía da xestión dos asuntos municipais estruturalmente e con orde, adaptando os gastos aos ingresos comúns, pagando con puntualidade a quen se debe e gastando coa debida prudencia e responsabilidade os cartos dos veciños de Outes.

Toma a palabra a voceira do BNG a Sra. Suárez que comeza indicando que coinciden que é unha pena que se chegue unha vez máis a este Pleno sen un acordo e diálogo cos grupos da oposición para intentar priorizar sobre que parques son máis necesarias as actuacións. Posto que quedou claro que o Goberno non ten un claro coñecemento do estado das instalacións, xa que, tivo que ocorrer un desgraciado accidente para que vostedes boten man dos remanentes para facer un mantemento que debería ir os orzamentos e deberían ir máis alá. Se hai unha serie de lugares onde os veciños están pedindo instalacións infantís, lugares onde non teñen nin un columpio como Outes, San



Lourenzo, Cuns, etc.

O mantemento máis do mesmo, debería estar comprobado fai dous anos que chegaron ao Goberno, para o arranxo e a retirada dos elementos que estaban en mal estado e non o fixeron e gustaríanos darlle os parabéns por tomar esta iniciativa agora, pero unha vez máis non o fan do xeito adecuado. Cremos que entre todos podemos facer un mellor traballo e non chegando a última hora cos acordos ao Pleno.

Toma a palabra o voceiro do Partido Socialista o Sr. Caamaño que indica que será breve e que parece que se a vostede non se lle pon contra as cordas non é quen de levar as mocións dos diferentes grupos. Congratúlame ver como a moción presentada polo Partido Socialista de Outes en canto os parques infantís lles busca solucións e con urxencia. Vemos que se arranxarán algúns elementos dalgúns parques que estaban en mal estado e que se acometerán dúas actuacións grandes máis no da Cruz e no da Ponte. Só esperamos que a partires de agora non deixen no abandono os distintos parques e os seus elementos e fagan a labor de mantemento en canto apareza algún deterioro, os meus parabéns tenos pero pola urxencia de levar adiante esta moción.

Toma a palabra o Sr. González que indica que simplemente matizar unha cuestión, que a voceira do PP faga gala de que o seu goberno desenvolveu a labor de mantemento das diferentes infraestruturas continua e profunda, todo o contrario. Vostedes fixeron; gala do abandono das infraestruturas que agora nos toca a nós. Os parques infantís nos que imos actuar non se estropearon nos últimos dous anos, como outras infraestruturas do Concello. Vostede non teñen moito que presumir. Din vostedes que non houbo diálogo, sen embargo o voceiro do Partido Socialista que efectivamente se atendeu o espírito de esta moción con urxencia. Nós sempre imos actuar o máis rápido posible como no caso destes parques e concrétase cos contratos de mantemento e a actuación coa que se pretende.

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos que indica que vostede no debeu vivir aquí nos 4 anos da última lexislatura, bueno nin meses 4 anos nin nestes 2 últimos tampouco, porque dicir que o PP non se encargou de ter en bo estado os parques infantís de Outes, dicir que non se preocupou de mellorar as instalacións que había, cando se gastaron, non sei exactamente a cifra, pero ao mellor preto de 250.000 € en parques, en facelos novos, p.e. en Broña moi cerca de onde se fixeron unhas beirarrúas que vostede coñecerá moi ben, o do Freixo, o de San Cosme, o de Vistalegre, e a cada noticia que tíñamos de que había calquera tipo de dano ou algo similar nalgún parque infantil, sempre se arranxou, e ademais



dos parques que se fixeron novos tamén se acometeron outros arranxos, no parque do Areal que non foi unha actuación tan intensa coma nestes outros que se foron novos de todo; no parque da Cruz fixéronse tamén arranxos e sempre estiveron en bo estado, non houbo ningunha queixa ao respecto nin ningunha incidencia tampouco. Entón ao mellor de ter estado aquí eses 4 anos igual coñecería mellor a situación dos parques do Concello.

Toma a palabra a voceira do BNG a Sra. Suárez que indica que quere facer un breve comentario, que vostede recoñeza como diálogo a posta en marcha dunha moción, as mocións aprobadas nesta Pleno son para a súa execución o diálogo e chegar a acordos é outra cousa. As mocións son mocións. Neste caso si actuaron de forma urxente pero o BNG levamos anos dous, da necesidade dun parque cuberto e aínda estamos agardando de que se poña en marcha como moitas outras. Fala agora da varanda de Ponte Nafonso e iso foi unha moción do BNG polo que non queira colgarse medallas, as mocións deste Pleno son para poñelas en práctica e o resto son diálogos e acordos.

Toma a palabra o Sr. González que indica que para pechar só dúas cuestións, é certo que fixeron varios parques infantís e igual sería mellor dende o noso punto de vista arranxar os que temos e non facer novos. Ao longo do paseo da Serra temos tres parques. O noso proceder é o que vimos a propoñer. E despois de forma máis xeral recibimos peticións dos veciños dos diferentes lugares e realmente non nos parece adecuado nin pertinente que en todos lados teñamos un parque infantil, creo que é razoable e entendo que a xente o solicite pero temos que actuar dun xeito coherente.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 4 votos a favor

PP: 4 abstencións

BNG: 2 abstencións

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor

ACORDO

Incoado expediente de modificación de créditos nº 3/2021 consistente en Crédito Extraordinario financiado con Remanente Líquido de Tesourería para gastos



xerais (RLT), mediante Providencia desta Alcaldía que obra no expediente.

Vista a xustificación da mesma na Memoria adxunta, así como os informes de Intervención adxuntos ao expediente.

Visto que se emitiu informe de Intervención polo que se informou *favorablemente* a proposta de Alcaldía e elaborouse Informe de Avaliación do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria.

Vista a documentación incorporada ao expediente, de conformidade co disposto no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, en concordancia cos artigos 35 ao 38 do Real Decreto 500/1990.

En base a todo o anteriormente exposto, e ao artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o Pleno da Corporación Municipal, previo ditame da Comisión competente, ADOPTA o seguinte,

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a modificación de crédito nº 3/2021, de acordo ao seguinte detalle:

Altas en Aplicacións de Gastos

Aplicación		Descrición	Crédito extraordinario 3/2021
Progr	Económica		
.			
171	61900	Otr. Invers.repos.infraes	33.955,52€
		TOTAL GASTOS	33.955,52€

Altas en Conceptos de Ingresos

Aplicación: económica	Descrición	Euros



Cap.	Art.	Conc.		
8	87	87000	Remanente líquido de tesouraría para gastos xerais	33.955,52€
			TOTAL INGRESOS	33.955,52€

SEGUNDO. Expor o acordo ao público mediante anuncio inserido no *Boletín Oficial da Provincia*, durante o prazo de quince días hábiles, aos efectos de que os interesados porán examinalo e presentar as reclamacións que estimen ante o Pleno da Corporación. Caso de non presentarse reclamacións durante o citado prazo, o expediente considerárase definitivamente aprobado. En caso contrario, o Pleno da Corporación disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

3. Expediente 291/2021. Modificacións de crédito.

Favorable

Tipo de votación

DEBATE

Toma a palabra o Sr. González para expoñer a proposta de acordo relativo ao expediente 291/2021 de modificación de crédito, expediente para habilitar crédito para pagar facturas, facturas que non chegaron a tempo porque son facturas que se reciben de servizos do ano pasado e estes a lexislación obriga vir ao Pleno nas que a gran maioría son de subministración eléctrica.

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos que indica que como dicimos sempre que se trae a este Pleno un expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos, consideramos que sendo facturas de traballos realizados ou servizos prestados por diferentes provedores, o que procede é pagalas.

Lamentamos iso si, que segundo o Informe de Intervención, estes pagos teñan que facerse, con reparos derivados de incumprimentos de certos requisitos, polo que lle pedimos ao goberno municipal que teña en conta o contido deses informes e se mostre mais rigoroso na tramitación dos expedientes para estes tipos de contratos e que se vaian eliminando esas trabas que por parte de Intervención se repiten ao longo do tempo.

Toma a palabra o voceiro do BNG a Sr. Núñez que indica que o BNG máis alá de



que hai que pagar temos que insistir no de sempre, vemos que hai facturas que entendemos que podería darse traballo en negocios e traballadores do Concello de Outes e que por algún motivo que non acabamos de entender van para empresas doutros concellos, que sempre que sexan da comarca pois mellor que de Lugo, pero que moitos poderían ser no noso Concello. Tamén queremos facer fincapé na necesidade de que o Goberno atenda aos informes de Intervención e que temos constancia de que algúns traballadores municipais que prestan servizos ao Concello e que levan meses de atrasos.

Toma a palabra o voceiro do Partido Socialista o Sr. Caamaño indica que non vai a expresar nada que non tivera dito con anterioridade sobre este mesmo tema.

Toma a palabra o Sr. González que quere matizar unha serie de cuestións, nos sempre que é posible traballamos con empresas locais pero ás veces non é posible porque non temos oferta de todo tipo de servizos no noso Concello, nesos casos acudimos a outros Concellos. Efectivamente o reparo de Intervención, Intervención fai o seu reparo e faino e ben e nós tratamos de actuar coas apreciacións que se fan pero moitas veces resúltanos moi complexo e moi difícil posto que a lexislación que ten que ver con isto é moi exhaustiva e os Concellos temos os recursos que temos.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 4 votos a favor

PP: 4votos a favor

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor

ACORDO

VISTO que iniciouse procedemento para o recoñecemento extraxudicial de créditos tramitado co número 2/2021 por importe total de 58.891,92€, polas causas seguintes: presentación das facturas por parte dos provedores nos registros administrativos nesta anualidade 2021, cando correspóndense con prestacións realizadas no ano 2020, e que se contén nas seguintes relacións:

- Relación F/2021/13, de importe 7.638,40 € (facturas subministración eléctrica



emitidas por Comercializadora regulada Gas & Power, S.A.)

- Relación F/2021/14, de importe 14.043,77 € (facturas subministración eléctrica emitidas por Comercializadora regulada Gas & Power, S.A.)

- Relación F/2021/15, de importe 735,79 € (facturas subministración eléctrica emitidas por Comercializadora regulada Gas & Power, S.A.)

- Relación F/2021/16, de importe 507,21 € (facturas subministración eléctrica emitidas por Comercializadora regulada Gas & Power, S.A.)

- Relación F/2021/17, de importe 12.037,52 € (facturas subministración eléctrica emitidas por Naturgy, S.A.)

- Relación F/2021/18, de importe 13.898,99 € (facturas subministración eléctrica emitidas por Naturgy, S.A.)

- Relación F/2021/19, de importe 10.030,24€ (facturas provedores varios)

VISTAS al liquidacións de asistencias dos tribunais devengadas no ano 2020, por importe total de 2.564,18€, de acordo coas propostas dos seguintes expedientes:

-Do expediente 890/2020 (Selección de persoal do Obradoiro de emprego):
Corresponde ao ano 2020 o importe de 746,54€.

-Do expediente 203/2021: Este expediente recolle as liquidacións dos expedientes 197/2020 (selección operario/a de limpeza-servizos múltiples), corresponde ao ano 2020 o importe de 832,32€, e o expediente 685/2020 (selección 2 operarios/as xardíns servizos múltiples), corresponde ao ano 2020 o importe de 985,32€

De conformidade co disposto no artigo 60 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e nas bases de execución do orzamento de 2020, prorrogado para o ano 2021, e previo informe de fiscalización por parte da Interventora, o Pleno da Corporación adopta o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 2/2021 por importe total de 58.891,92€, que se contén nas seguintes relacións:

- Relación F/2021/13, de importe 7.638,40 € (facturas subministración eléctrica emitidas por Comercializadora regulada Gas & Power, S.A.)

- Relación F/2021/14, de importe 14.043,77 € (facturas subministración eléctrica emitidas por Comercializadora regulada Gas & Power, S.A.)

- Relación F/2021/15, de importe 735,79 € (facturas subministración eléctrica



emitidas por Comercializadora regulada Gas & Power, S.A.)

- Relación F/2021/16, de importe 507,21 € (facturas subministración eléctrica emitidas por Comercializadora regulada Gas & Power, S.A.)

- Relación F/2021/17, de importe 12.037,52 € (facturas subministración eléctrica emitidas por Naturgy, S.A.)

- Relación F/2021/18, de importe 13.898,99 € (facturas subministración eléctrica emitidas por Naturgy, S.A.)

- Relación F/2021/19, de importe 10.030,24€ (facturas provedores varios)

SEGUNDO. Aprobar as indemnizacións de asistencias dos tribunais devengadas no ano 2020, por importe total de 2.564,18€, de acordo coas propostas dos seguintes expedientes:

-Do expediente 890/2020 (Selección de persoal do Obradoiro de emprego):
Corresponde ao ano 2020 o importe de 746,54€.

-Do expediente 203/2021: Este expediente recolle as liquidacións dos expedientes 197/2020 (selección operario/a de limpeza-servizos múltiples), corresponde ao ano 2020 o importe de 832,32€, e o expediente 685/2020 (selección 2 operarios/as xardíns servizos múltiples), corresponde ao ano 2020 o importe de 985,32€

TERCEIRO. Aplicar, con cargo ao Orzamento do exercicio 2021, prorrogado do 2020, os correspondentes créditos con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes..

4. Expediente 777/2019. Procedemento xenérico.

Favorable

Tipo de votación

Incorpórase ao Pleno da Corporación o Sr. Castro concelleiro do PP.

- **Moción do BNG:**

O Grupo Municipal do BNG, ao abeiro do establecido na Lei de Administración Local de Galiza formula, para o seu debate e aprobación polo Pleno da Corporación, a seguinte

MOCIÓN



Exposición de Motivos:

Xa no programa de goberno que levaba o noso grupo ás eleccións municipais do 2019 falábamos da necesidade de aumentar a seguridade vial en diversos puntos perigosos do concello coa creación de sendeiros peonís. Preferimos esta opción por riba doutras xa que o seu impacto é menor na paisaxe e facilita moito a súa viabilidade ao ser máis económico para as arcas municipais.

O grupo municipal do BNG presentou moitos rogos para atender o mal estado de estradas de titularidade municipal e outros nos que lle pedimos ao goberno local a que instase ás diferentes administracións competentes do resto de viais. Nesta ocasión queremos presentar neste pleno unha proposta máis ambiciosa pero tamén moi necesaria dende fai tempo.

A estrada AC-550 comeza a deteriorarse ao seu paso por Espiñeiro e Ribas de Mar así como a AC-196 presenta graves deficiencias que xa son un risco ao seu paso por Seilán ate chegar ao paseo da Ponte Nafonso. Consideramos de vital importancia actuar sobre o firme para garantir unha boa rodadura e evitar accidentes máis adiante.

Comezando o recorrido dende a saída da Serra sería convinte ampliar a beirarrúa que remata na Avd. Rocío ate o final da rúa da Margarida e cumprir unha demanda histórica da veciñanza desta zona que denuncian a perigosidade dunha vía na que os coches pasan a gran velocidade. Ao remate desta ampliación creemos moi necesaria a creación dun sendeiro peonil que dote de seguridade aos veciños que transitan polas curvas de Espiñeiro pasando por Ribas de Mar ate o paseo da Ponte Nafonso.

Tamén consideramos de extrema necesidade reducir a velocidade na recta de Ribas de Mar e instalar un paso de peóns para os veciños. Estes tres quilómetros e medio son cada vez máis transitados a pé e presentan unha gran perigosidade debido a gran afluencia de vehículos rodados que o transitan. O grupo municipal do BNG toma nota desta situación e trae esta proposta a pleno para darlle solución non só a un problema de seguridade vial se non tamén ás demandas históricas da veciñanza nesta zona. Tamén creemos que este novo sendeiro peonil sería un novo atractivo para noso concello pois discorre por un lugar cun valor paisaxístico incalculábel.

En base ao exposto, proponse ao Pleno da Corporación Municipal de Outes, a adopción do seguinte



ACORDO

1. Instar á Xunta a que actúe para arranxar as deficiencias que presenta a estrada AC-550 ao seu paso por Espiñeiro e Ribas de Mar. Instar tamén a que actúe para arranxar as graves deficiencias que presenta a estrada AC-196 dende Seilán ate a Ponte Nafonso.
2. Negociar coa Xunta unha partida para a ampliación da beirarrúa que remata na Avd. Rocío para estendela ate o final da Rúa da Margarida.
3. Instar á Xunta a que reduza a velocidade na recta de Ribas de Mar e instale un paso de peóns na mesma.
4. Crear unha senda peonil dende o final da beirarrúa pendente de creación ate o paseo da Ponte Nafonso creando un camiño que aumente a seguridade vial ao seu paso polas perigosas curvas de Espiñeiro, na recta de Ribas de Mar e na baixada por Seilán á Ponte Nafonso.

DEBATE

Toma a palabra a Sra. Molinos voceira do PP que indica que en canto aos arranxos necesarios nas estradas autonómicas AC 550 e AC 196, parécenos ben que se lle demanden á administración titular das mesmas, así como que se negocie coa Xunta a ampliación das beirarrúas referenciadas, neste punto gustaríanos destacar que na pasada lexislatura acometeuse unha actuación na marxe este da beirarrúa entre o cruce de Entíns e a gasoleira, quedando redactado o proxecto para actuar na outra marxe, non sabemos que foi o que pasou con el.

Con respecto ao punto 3 dos acordos, entendemos que a toma de medidas de redución de velocidade e a instalación de paso de peóns estará sometida ás correspondente normativas de tráfico e de estradas, de xeito que deben ser os técnicos na materia os que ratifiquen a necesidade e conveniencia de que se varíen.

Tampouco estamos en contra de que se poña enriba da mesa a construción dun vial peonil neste itinerario para que os peóns poidan percorrelo de xeito mais cómodo e sobre todo seguro. Non obstante, pensamos que antes de instar á Xunta a que acometa este tema, así sen mais, tal e como engadiron vostedes no pto do acordo na Comisión Informativa porque parece ser que vostedes o que



pretenden é instar á Xunta á creación desta senda peonil, deberíase facer un estudo de viabilidade e un proxecto ao respecto, porque se trata dun percorrido moi amplo que estará sometido a moitos condicionantes, como permisos sectoriais, e así mesmo pensamos que precisaría da posta a disposición de terreos particulares. Habería que facer antes, ao noso entender, un proxecto ou estudo de viabilidade antes de lanzar así o proxecto en calquera sitio.

Toma a palabra o voceiro do Partido Socialista o Sr. Caamaño que indica que está de acordo con que hai que arranxar as estradas, tanto as que vostede di como moitas outras do noso Concello. Cremos que deberían negociar tanto coa Xunta como coa Deputación ditos arranxos. O da Senda peonil cremos que todo o que sexa pedir á Xunta de Galicia e Deputación en pro dos veciños estamos de acordo.

Toma a palabra o Sr. González que indica que en liñas xerais concordan co que se propón nesta moción pero no último punto tal e como se indicou na Comisión era instar á Xunta de Galicia, a titular da estrada desa senda peonil. Matizar as seguintes cuestións: sobre o arranxo da AC-196 xa é público e notorio que dende o Concello e xunto co Concello de Noia para mellorar a capa de rodaxe aproveitando que se vai a actuar sobre a ponte. Sobre as sendas peonís somos coñecedores de que existe unha proposta de Xunta de Galicia que se nos fixo chegar a principios de ano unha proposta sobre unha estratexia de mobilidade alternativa na comarca de Noia e do Barbanza na que entra o Concello de Outes, o que se pretende é construír unha serie de sendas ao longo de estradas de titularidade autonómica e pedíasenos unha serie de suxestións e nós que entendemos que o territorio de Outes que ten unha distribución moi concreta, parécenos que esta estrada parecíanos interesante este tipo de sendas e propuxemos iso considerar oportuno carril de bicicletas sobre esas estradas de carácter autonómico e en concreto nunha serie de estradas por ser as que unen os principais puntos do Concello. Queremos dicir que xa houbo unha comunicación deste concello para este tipo de sendas e que se aproba en Pleno terá máis forza.

Toma a palabra a Sra. Suárez que indica que vostedes teñen coñecemento dende primeiros de ano que podía haber investimentos en sendas peonís e carrís para bicis no noso Concello e mira que de casualidade que nos informa no Pleno do 24 de xuño, despois de presentar a moción o BNG. Porque nin se queira na Comisión nos informou deses investimentos. Dende logo non vimos a repartirnos medallas só temos interese en que o Concello de Outes siga medrando e se poña en valor todo o que temos e que se de a coñecer e que a xente queira vir a coñecer o noso



Concello.

Toma a palabra o voceiro do Partido Socialista que indica que incide xustamente na falta de información que nos da o Sr. Alcalde, porque dende primeiros de ano que sabe isto e non tivo ningunha reunión con nós.

Toma a palabra o Sr. González que indica que de xeito moi breve, hai unha petición de información, non hai fondos, simplemente na planificación que está a facer a Xunta de Galicia inclúe este plan isto non quere dicir que se realice. O único que se fai é unha consulta por parte da Xunta, polo tanto non era unha información de carácter tan relevante dende o noso punto de vista. O importante é que se faga todo o posible para os cidadáns de Outes.

Reitera que se procede á votación co matiz no último punto que insta á Xunta de Galicia.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 4 votos a favor

PP: 5 votos a favor

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor

- **Moción do BNG:**

O Grupo Municipal do BNG, ao abeiro do establecido na Lei de Administración Local de Galiza formula, para o seu debate e aprobación polo Pleno da Corporación, a seguinte

MOCIÓN

Exposición de Motivos:

O Estatuto de Autonomía de Galiza, no seu Título II, artigo 27, establece as competencias exclusivas da propia administración autonómica en distintas materias e, no punto 15, recolle “A pesca nas rías e demais augas interiores, o marisqueo, a acuicultura, a caza, a pesca fluvial e lacustre”.



No exercicio desas competencias exclusivas, o Parlamento galego aprobou a Lei 11/2008, de 11 de decembro, de pesca de Galiza, modificada pola Lei 6/2009, de 11 de decembro, de modificación de la Lei 11/2008, de 3 de decembro, de pesca de Galicia. Esta Lei establece unha serie de medidas dirixidas á conservación, á xestión e á explotación responsábel, racional e sustentábel dos recursos mariños, nomeadamente os plans de xestión, definidos como normas reguladoras da actividade pesqueira e marisqueira.

Os plans de xestión marisqueira comezaron a desenvolverse normativamente en 1993 e na actualidade réxense polo Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas. Nos plans de xestión teñen participación as confrarías e agrupacións do sector, que son as titulares dos propios plans e as que os propoñen. Os aspectos que regulan son, entre outros, os traballos para a mellora da extracción e produción, os topes de captura por mariscador/a e por día, as especies que se van extraer, os métodos de extracción, os puntos de control, as formas de comercialización, etc.

Así pois, hai case 30 anos que a explotación dos recursos marisqueiros de Galiza se vén organizando a través de plans de explotación anuais, agás neste momento no que a Orde da Consellaría do Mar do 21 de decembro de 2020 os aprobou para o trienio 2021-23. E, dende aquela, son as regras que ditan a explotación dos recursos marisqueiros ao longo de toda a nosa costa e que suman na actualidade un total de 94, repartidos entre 52 de marisqueo a pé, 35 a frote e 7 mixtos.

Deste xeito, estamos diante da regulación da actividade que ocupa directamente a máis de 8.000 persoas en Galiza, que ten unha extraordinaria importancia económica e social e que, por primeira vez dende que existe, vén de ser recorrida polo Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico co argumento de que necesita, para ser aprobada, un informe preceptivo da propia Administración estatal.

Sen dúbida é unha interpretación errada da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas, que se refire á necesidade de conseguir informe no caso de que se declaren zonas de interese para cultivos mariños, concesións e autorizacións. Non en tanto, a través dos plans de explotación marisqueira non se outorgan concesións senón que se regula unha actividade que é competencia exclusiva da Administración galega á que nunca, ata o de agora, se lle esixiron ese tipo de informes.



O Ministerio de Transición Ecolóxica dá así un novo paso que vai moito máis alá da afectación ao sector do mar, vai en contra dos intereses de todo un país pesqueiro, supón unha clara falla de respecto ao marco competencial vixente e, en definitiva, ilustra nitidamente a necesidade de Galiza de blindar as competencias propias.

Sen dúbida, de continuar adiante con esta brutal inxerencia nas competencias exclusivas de Galiza, as consecuencias directas e indirectas para miles de persoas serían gravísimas e a posibilidade dunha suspensión ou derogación do plan de explotación aprobado para o período 2021-23 provocaría un dano absolutamente irreparábel.

Unha situación que, dende o BNG, consideramos vital evitar xa que empeoraría gravemente a difícil situación económica que atravesamos o noso concello e a comarca enteira.

En base ao exposto, propónse ao Pleno da Corporación Municipal de Outes, a adopción do seguinte

ACORDO

- 1.** Instar ao Goberno do Estado á retirada inmediata do recurso contencioso-administrativo interposto polo Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico contra a Orde do 21 de decembro de 2020 pola que se aproba o Plan Xeral de Explotación Marisqueira para o trienio 2021-2023.
- 2.** Instar á Xunta de Galiza á activación da Comisión de Transferencias co obxecto de iniciar o procedemento para o traspaso das competencias pendentes a Galiza, nomeadamente e tal e como se acordou polo pleno do Parlamento Galego no mes de marzo, a xestión do dominio público marítimo-terrestre e a ordenación do sector pesqueiro e de investigación oceanográfica.

DEBATE

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos que indica que efectivamente estamos ante un novo ataque inxustificable do Goberno Central ao complexo mar-industria de Galicia, e nesta ocasión directamente ao labor das mariscadoras e mariscadores galegos en particular aos da nosa Ría.

Resulta curioso e grave que dende o Goberno Central se poña en cuestión un



sistema de xestión consensuado cos profesionais do sector e que ten demostrada a súa eficacia para regular a actividade marisqueira de maneira ordenada, sustentable e respectuosa co medio ambiente dende fai décadas. De anularse o Plan vixente debido ao recurso interposto polo Ministerio, tiraríase por terra meses de traballo das confrarías e asociacións marisqueiras do sector que participaron no deseño e elaboración dos 94 plans de xestión vixentes na actualidade e que están incluídos no Plan Xeral de Explotación Marisqueira 2021 - 2023.

Compre salientar que a ausencia desta regulación, complicaría o desenvolvemento normal da actividade e supón poñer en risco a actividade de mais de 8.000 persoas que se adican ao marisqueo tanto a pe como a flote, así como á propia organización do traballo e a súa correcta xestión en termos de sostibilidade ambiental, social e económica. Polo tanto estamos a favor da súa moción.

Toma a palabra o voceiro do Partido Socialista o Sr. Caamaño que indica que a ordenación dos recursos marisqueiros para a súa explotación é unha labor fundamental para o desenvolvemento da propia actividade do que depende un sector moi importante e un gran número de persoas en Galicia. A responsabilidade desta ordenación e dos trámites administrativos que correspondan para desenvolvelo recae na Xunta de Galicia a través da Consellería correspondente. O goberno da Xunta de Galicia presentou a súa intención de formular un ordenamento trianual para o ano 2021, 2022 e 2023, rompendo o hábito de facelo anualmente na orde do plan xeral de explotación marisqueira. Non en tanto, para este proceso é importante realizar correctamente tódolos trámites necesarios e precisos, estes trámites inclúen o consenso e diálogo co sector para acordar os elementos a tratar, zonas, espazos, usos etc. e a presentación dos informes preceptivos ante o Goberno do estado, este último trámite é relevante, xa que o Estado en virtude da distribución de competencias e titularidade dos espazos o correspondente titular dos espazos o correspondente titular das zonas de marisqueo sobre as que se presenta o Plan Xeral. Este trámite está indicado nos artigos 112 da Lei de Costas e no 30 da Lei de Pesa de Galicia e como a Xunta de Galicia se negou a levalo adiante é por iso que agora está xudicializado. Lémbrolle que o BNG e o Partido Socialista xa teñen un acordo presentado ante a Xunta de Galicia e por iso baseándome neste acordo quero facer unha enmenda verbal e engadir un punto primeiro na súa moción que diga “Instar á Xunta de Galicia a facer público o expediente completo sobre o Plan Xeral de explotación marisqueira 2021-2023”.



Toma a palabra o Sr. González que indica que dende o grupo de Goberno en liñas xerais tamén estamos de acordo coas condicións sen meternos nos detalles. Estamos en primeiro lugar de acordo coa importancia dos Plans de explotación dos recursos marisqueiros como innovación importante que introduciu a Xunta de Galicia toda a vez que asumiu competencias nesta materia e que serve para regular unha actividade tan importante. En segundo lugar somos partidarios de que todo aquilo que poida xestionar a Xunta de Galicia o xestione a Xunta de Galicia sen tutelas do Estado. Indica que a Lei de Costa en vigor é a Lei de 2013 non a de 1998 e indica o seu voto a favor da moción.

Toma a palabra a voceira do BNG a Sra. Suárez que indica que fan fincapé en que o que é competencia de Galicia é de Galicia e non ten que vir o Estado a ditar ordes de como se ten que mariscar, pescar, etc. no noso territorio. E aceptamos a enmenda do Partido Socialista, creemos que xa debería ser público e que xa tivo que estar sometido a exposición pública. Non temos problema en que a enmenda se engada á moción. En canto ao resto trátase de defender aos nosos mariscadores e a nosa pesca de baixura e non que por medio dos tribunais se paralice un plan de explotación para este trienio, que este é o gran risco.

Aclara o Sr. González que entende que o BNG si inclúe a enmenda do Partido Socialista no primeiro punto e a redacción exacta que lee o voceiro do Partido Socialista é “Instar á Xunta de Galicia a facer público o expediente completo sobre o Plan Xeral de explotación marisqueira 2021-2023”.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que si, quixera facer unhas puntualizacións ao respecto do que comentou o voceiro do PSOE.

Dicir que a única diferenza entre os plans que se veñen facendo dende o ano 1993 é que antes eran anuais e agora é un plan trianual, pero bueno, hai que saber que o Plan segue a mesma a mesma liña que nos últimos 30 anos e que nunca se requiriu este informe.

Din vostedes que debería haber un consenso co sector, pois home, e que xa se fai porque son precisamente as confrarías e as asociación marisqueiras as que fan os 94 plans incluídos no Plan Xeral, polo tanto, pedir algo que xa existe, non sei a que ven.

En canto ao que dixo de que a Xunta se negou a enviar un informe que non considera necesario, é porque a Dirección Xeral de Costas e do Mar necesita



informes preceptivos e vinculantes, pero para o outorgamento de zonas de explotación marisqueira en réxime de autorización ou concesión, e na Orde ditada para o Plan Marisqueiro en ningún caso se mete nin fala de ningunha concesión nin autorización, simplemente é un regulamento do recurso marisqueiro, da extracción e varios asuntos mais que teñen que ver coa ordenación, pero non fala nada de autorizacións nin de concesións. Polo tanto é un informe que a todas luces non é necesario en absoluto.

O que dixo sobre facer público o expediente xeral sobre o asunto, non hai problema en facelo público.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que indica que non toco o punto número un que será o número dous que é avogar que se retire o recurso o mesmo que apoio iso apoio isto e que se faga público este expediente e todos estamos de acordo que debemos salvar aos nosos veciños e ao sector.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 4 votos a favor

PP: 5 votos a favor

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor

- **Moción do BNG:**

O Grupo Municipal do BNG, ao abeiro do establecido na Lei de Administración Local de Galiza formula, para o seu debate e aprobación polo Pleno da Corporación, a seguinte

MOCIÓN

Exposición de Motivos:

O pasado 9 de Marzo do 2021 o Consello de Ministros, a proposta do MITECO, aprobou o Real Decreto polo que establece a metodoloxía que, xunto coas peaxes do sistema fixadas pola “Comisión Nacional de los Mercados y de la Competencia” (CNMC) na circular 3/2020 conforman a parte regulada da factura eléctrica de cada consumidor ou consumidora.



Esta reforma, xa prevista para o ano 2020 e demorada pola pandemia, entrou en vigor o pasado 1 de xuño. Dende o BNG consideramos que esta norma xera un impacto negativo nos consumidores e consumidoras, danos colaterais importantes que deberán levar á reconsideración desta norma, sobre todo tendo en conta que afecta a importantes sectores da poboación que xa están sufrindo as graves consecuencias derivadas do forte impacto económico das restricións impostas pola loita contra a COVID-19.

Este é o caso do consumo doméstico e nomeadamente daquelas persoas consumidoras adheridas xa con anterioridade ao sistema de discriminación horaria. Na Galiza hai máis de medio millón de fogares adheridos a esta modalidade que verán como a súa factura experimenta un aumento que pode chegar a superar o 30%.

Así mesmo, debe destacarse o impacto que ten en determinadas actividades económicas cunha forte implantación na Galiza como son as pequenas explotacións gandeiras, xa que os horarios do período punta da tarifa coinciden con tarefas de alto consumo enerxético. Se observamos o perfil típico dunha explotación gandeira, veremos que o 40% do consumo concéntrase entre as 8h e as 13h pola mañá e as 18 e 23h pola tarde, xusto o período punta, polo que o incremento medio na factura será de máis do 40%. No país existen máis de dez mil explotacións afectadas por este cambio e sen alternativa posíbel.

De igual forma, outros consumidores cun perfil de consumo semellante ao descrito, como é o da hostalería, xa duramente golpeado pola pandemia, e o resto de PEMES, sufrirán igualmente as consecuencias, pois as súa actividades desenvólvense necesariamente durante as horas de maior custo da enerxía. Todo isto nunha Galiza que exporta electricidade.

Para rematar, queremos facer fincapé en que non resulta lóxico acometer un cambio normativo deste calibre sen ter en conta outros aspectos da composición da factura cuxo peso é relevante e cuxa necesaria revisión demándase tamén dende amplos sectores da sociedade, como son o importe do imposto especial da electricidade e o tipo de IVE que debe aplicarse, sendo a electricidade un ben de primeira necesidade e non un luxo.

En base ao exposto, propónse ao Pleno da Corporación Municipal de Outes, a adopción do seguinte



ACORDO

1. Trasladar ao Goberno central o rexeitamento por parte do Concello de Outes da súa política enerxética por contribuír ao incremento da factura eléctrica dunha parte importante das e dos consumidores domésticos e de sectores vulnerábeis, singularmente os cambios aplicados a partir do 1 de xuño de 2021.

2. Instar ao Goberno do Estado a abrir un novo proceso para unha regulación da tarifa eléctrica baixo as seguintes premisas:

a) Reducir os impostos que gravan o consumo de enerxía eléctrica, singularmente a eliminación do imposto especial da electricidade e a redución do tipo aplicado no imposto de valor engadido até o 4%.

b) Beneficiar aos territorios de produción de enerxía eléctrica compensando o forte impacto ambiental e social derivado da súa produción a través dun abaratamento dos prezos.

c) Modificar a Lei 24/2013, do sector eléctrico, de maneira que o prezo da electricidade se estipule en función dos custos de xeración de cada tecnoloxía gráfica.

DEBATE

Toma a palabra a Sra. Molinos que expón que no contexto dunha gravísima crise económica e social, o sistema eléctrico ven experimentando nos últimos tempos un encarecemento substancial e constante, alcanzando niveis que supoñen máximos históricos co consecuente impacto negativo na factura eléctrica dos consumidores, afectando moi considerablemente aos que mais sofren a crise económica derivada da pandemia, aos mais vulnerables, aos autónomos, as empresas, en fin a todos.

A maior parte do importe da factura eléctrica débese a custos regulamentarios dependentes da xestión política e aos impostos , polo que consideramos que unha das vías mais inmediatas para a redución a factura da luz é a rebaixa dos impostos que gravan a electricidade, non a de optar por unha tarifa de tres planos, restrinxindo a liberdade de elección dos consumidores e obrigándolles a cambiar os seus hábitos de vida se queren ter a posibilidade de aforrar na sua factura da luz, que non todos os consumidores poderán facelo e adaptarse a esas



tarifas que propón o Goberno.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que indica que saiban vostedes que dende setembro do 2018 a 78,27 euros a febreiro 28,49 o prezo da electricidade baixou un 40%. Dende o pasado 1 de xuño coa entrada en vigor do novo sistema algo fallou xa que estamos a pagar a máis cara, foron vostedes ben rápidos porque aínda non chegou o primeiro recibo da luz e xa presentaron vostedes esta moción. Miren vostedes se o Goberno actuou con rapidez que non lle dou nin tempo a chegar alá esta moción e xa levan unhas cantas medidas como redución de IVE, suspensión do 7% do imposto sobre o valor de produción da enerxía ademais de outras reformas pendentes. Para que vostedes vexan a imparcialidade e a postura de sentido común do Partido Socialista de Outes saiban que imos a apoiar a súa moción e que estamos cansos a nivel de usuario que sempre que nos toca a electricidade, o petróleo ou a educación os que saímos perdendo somos sempre os usuarios de a pé.

Toma a palabra o Sr. González indica que de novo están de acordo co que se apunta, que a política enérxica dista moito de contentar e que se reclama unha regulación do sector máis transparente, a situación actual da política enerxética é un despropósito e os cambios tamén van por mal camiño. En liñas xerais cremos que ten que haber unha política eléctrica diferente.

Toma a palabra o Sr. Núñez para indicar que a verdade hoxe non coincidimos coa análise que fixo o Sr. Caamaño xa que dicir que a factura baixou non é certo, calquera veciño sabeo perfectamente as súas palabras caen polo seu propio peso. Máis alá di que somos rápidos e claro que si cando se trata de defender aos veciños, recordamos que a factura e os impostos sobre a luz non son progresivos, e debería de ser quen máis ten debería pagar máis. Alegrámonos de que apoie a iniciativa.

Resposta o Sr. Caamaño que no prezo da electricidade está contrastado e os valores están aí e eu non digo que a factura lle baixara nun %, eu digo que dende o 1 de xuño coa entrada do novo sistema algo fallou xa que estamos a pagar a luz mais cara que nunca.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:



CO: 5 votos a favor

PP: 5 votos a favor

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor

- **Moción do Partido Socialista:**

O Grupo Municipal dos Socialistas de Outes, de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN:**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado mes de maio, o partido socialista mantivo sendas reunións cos centros educativos do noso concello, por certo moi satisfactorias, e ámbolos dous nos dixeron que dende o concello sempre se está contando con eles pra o que necesiten, tanto agora como con anterioridade.

Máis aínda así, no CEIP observamos cos responsables do centro varias deficiencias que nos fixeron chegar e que sería bo que as arranxamos dende o concello, xa que o mantemento desta infraestrutura, onde estudan os nosos cativos e cativas de todas as parroquias, depende do concello.

Dende o Partido Socialista estamos convencidos de que é hora de facer unhas “pequenas obras”, que si me descoido e como ben dixo o noso alcalde en referencia a outras obras de pequeno calado, non faría falla acudir a grandes gastos nin a outras entidades porque cos operarios que ten o concello se poderían realizar.

Chamoume moito a atención persoalmente, o ximnasio do centro, porque segue igual que cando eu era alumno do mesmo e van alá mais de 40 anos, exceptuando os vestiarios que si tiveron unha reforma, as ventás seguen sendo as mesmas, e o chan igualiño, eu creo que non levou nin una man de pintura dende aquela. O chan creemos nos e a directiva do centro que cunha pulidora e unha pinturiña se podería arranxar. O tema das ventás xa sería cuestión de trocalas e o tema do teito tería que estudalo xente experta porque eu non sei si terá incluso uralita con amianto, e adecentalo exteriormente non viría mal.

Outro tema que xurdiu e nos pareceu tamén moi interesante, mais aínda dende que se aumentou o ratio de alumnos a 25 por aula, é o tema da ala de infantil, xa



que como dixo o equipo directivo actualmente teñen mini-aulas e só usan 3 das 7 que hai nesa parte, polo que a idea sería de unir 6 das aulas de dúas en dúas cunha división movable o medio para cando sexa necesario aumentar o espazo e gañar en saúde e benestar dos nosos cativos e cativas. Tamén sería moi interesante e de sentido común poñer unha especie de tarima ou algo similar nesas aulas de INFANTIL xa que son nenos e nenas de 3 a 6 anos e a miúdo fan xogos e outras actividades no propio chan.

Unha unión de dúas aulas tamén no la requiriron na parte de administración, o cal suporía tira un tabique.

E por todo isto e despois de ver in situ as deficiencias que teñen no CEIP do noso concello, que é o lugar onde pasan gran parte da súa infancia os nosos cativos, solicitamos o apoio desta corporación para :

1.- Facer unha actuación urxente no CEIP para arranxar no posible e antes do vindeiro curso todas aquelas zoas que están a reclamar dende a propia dirección do centro.

2.- Aquelas zoas que por falla de tempo quedasen sen realizar, non demoralas máis alá das vacacións do nadal.

DEBATE

Toma a palabra a Sra. Molinos que expón que descoñecemos como se está a realizar nestes últimos dous anos a competencia municipal de mantemento das instalacións do Colexio do Conchido. O que sí podemos dicir é que esperamos que se atendesen as necesidades xurdidas neste aspecto durante este tempo, tal e como se fixo en pasadas legislaturas nas que ademais de atender calquera incidencia que se producira ao longo do curso, nos meses de vacacións implementábase un plan concreto de actuacións baseado no informe de necesidades que reclamábamos e se nos remitía dende a dirección do centro. Desta maneira ademais das labores de mantemento corrente e operacións cíclicas, fixéronse actuacións como, entre outras, a reestruturación da distribución do edificio de administración, aseos novos na planta baixa para os mais pequenos, aseos novos tamén no edificio autónomo, arranxo do parque de xogos etc. E algunhas cousas mais que agora non recordo, ademais do mantemento normal do Centro.

Polo tanto, naturalmente, pensamos que o goberno municipal debe atender



adecuadamente as necesidades de mantemento do Colexio. Faltaría mais, ten que ser así.

Toma a palabra a Sra. Suárez que indica que escoitaba ao PP e pensaba que fixo vostede tamén a metade da pasarela e non sabemos moi ben que pasaba coa outra metade, non foron capaces de solventar o lago da entrada cando chove, nin o traxecto da parte de infantil ao comedor onde os mais cativos teñen que mollarse para acudir ao comedor. Aquilo de que responderon sempre ás necesidades non imos poñelo en dúbida pero non eficientes. No verán de 2018 acometeuse unha obra importante no colechio e en dita obra non sabemos porque se deixaron sen facer o que viñan a ser cousas moi pequenas. Vamos a apoiar sempre o que sexa unha mellora das instalacións do noso Concello.

Toma a palabra o Sr. González que indica que dende o grupo de goberno en liñas xerais están de acordo coa moción se ben queremos facer algún matiz, hai actuacións continuas de mantemento e atender cuestións que se nos fan chegar, e o Concello ten as competencias que ten, o mantemento. As cuestións estruturais son competencia da Xunta de Galicia e nós non podemos chegar a estes aspectos. Nos comprometémonos a traer a este Pleno a obra para unir as seis aulas e convertelas en tres e dotalas dun novo chan, xa está valorado e fixemos un estudo e esa obra vai a ser de 48.000€ e non é unha obra precisamente pequena. Con isto entendemos que imos a actuar en consecuencia pero sexamos conscientes dos límites que ten o Concello nas instalacións do Concello.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que indica que só veu presentar a este Pleno unhas deficiencias e unhas posibles melloras detectadas polo equipo directivo e como di vostede tirar catro paredes e outras cousas custa 48.000€ e que despois de dispoñer de 400.00€ para arranxo de pistas do monte en distintas dígame vostede que para arranxar o chan e catro paredes é moito, nos montes non hai cativos, non lle poña prezo ao benestar dos nosos veciños.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que Quixera facer unha puntualización á voceira do BNG. Antes non recoñecía o que me dicía sobre unha pasarela porque nos non fixemos ningunha pasarela, fixemos unha marquesiña. Son dous conceptos distintos e con funcións distintas. Supoño que se referiría vostede a iso porque pasarela non recordo que se fixese ningunha.

En canto á Praza onde había acumulación de auga, non sei se recorda vostede que o proxecto da 1ª fase da recuperación desa Praza, é un proxecto que



xestionou e conseguiu o PP e que foi concedido uns días antes do cambio de goberno.

Eu non sei en que se basea vostede para dicir que non atendemos o mantemento do colexio e que non fomos eficaces, non sei en que se basea. En canto á obra do ano 2018 supoño que se referirá a feita pola Consellería de Educación e que estaba dirixida á mellora da eficiencia enerxética e efectivamente quedan cousas por facer. Fíxose a maiores coa axuda do Concello o arranxo do tellado do patio cuberto.

Non sei a que se refire vostede coa desatención das labores de mantemento do colexio durante a lexislatura anterior.

Toma a palabra a Sra. Suárez que expón que non dixo desatención senón que non foron moi eficientes e digo que a charca diante do colexio estivo moitos anos e era unha obra de mantemento e que a obra de 2018 somos coñecedores que foi feita en canto eficiencia enerxética pero hai cousas que chaman a atención xa que non se substitúen as ventás do pavillón, deberían no seu momento instar a Consellería para que fixeran o apropiado. O Concello compételle o mantemento e unha obra de substitución do tellado do polideportivo requiría os permisos pertinentes, a división da área infantil tamén pero para nós substituír unhas xanelas pódese meter na partida de mantemento. O Concello pode instar e pedirlle a Consellería que remate un traballo que comezou e que por 48.000€ para que os nosos nenos estean en melloras condicións ben vale o esforzo, senón os remanentes tamén son para estas cousas.

Toma a palabra o Sr. González que matiza unha serie de cuestións, a urxencia das actuacións que son precisas quen mellor as pode determinar é a comunidade deportiva e creo que se entendeu mal e o que digo non é unha actuación pequena que poidan facer os nosos operarios e comprometémonos a traela aquí para dotala de crédito. Sobre os camiños do monte nós temos competencias non en outros aspectos, as competencias son de quen son.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 5 votos a favor

BNG: 2 votos a favor



GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

C) ROGOS E PREGUNTAS

- **PREGUNTAS**

• **Do PP:**

PREGUNTA 1. Con data de hoxe vimos un Decreto de Alcaldía onde se acepta a subvención pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo dentro do marco de compensación ambiental por importe de 36.735€ para o proxecto “Programa de protección ambiental 2021 do Concello de Outes” no que entra limpeza e mantemento e conservación de espazos de alto valor ambiental, restauración da senda turística do Albán, equipamento e instalación para a mellora da recollida selectiva de residuos.

1. Cales son os espazos de alto valor ambiental nos que van a actuar?
2. Que partidas concretas se inclúen na restauración da senda do Albán?
3. Que equipamentos e instalacións se inclúen na mellora da recollida selectiva dos residuos?

Responde o Sr. González que os espazos son área de actuación na contorna do río Tines no seu tramo urbano desembocadura na ría de Muros e Noia, sendeiros arredor da ribeira do mar ata o Freixo e Portosiavo, área de actuación da contorna da praia de Broña, paseo de Ponte Nafonso e área recreativa do Albán.

Temos a intención de proceder á demoler estrutura de madeira que está en mal estado desbrozar e limpar os terreos e entre os dúos muíños colocación de unha serie de pezas granítica que sirvan de pavimento encastado no terreo natural e separadas entre si e pretendemos plantar unha serie de árbores autóctonas.

Basicamente trátase desta actuación na instalación de cinco illas de valados dobres de contedores, teñen continuidade dende o 2019 e estas illas vanse situar nas parroquias de OUTES, San Ourense, Roo, San Cosme e Sabardes.

• **Do BNG:**



PREGUNTA 1. Monbus leva anos recortando os seus servizos públicos no noso concello, recentemente anunciaron que a parada que teñen en Ponte Nafonso será baixo demanda. O goberno pensa actuar ante esta situación?

Responde o Sr. González que a pregunta merece algún matiz xa que houbo unha renovación nas concesións e nesta en concreto é de nova adxudicación a principios de ano, o que houbo é unhas novas frecuencias derivadas dunha nova concesión. As frecuencias que pasan son escasas e que polo tanto temos que tratar a quen ten competencias para que aumentara estas frecuencias, isto fíxose con veciños de Ponte Nafonso e trasladamos que creemos que debería ter máis frecuencias e acadamos un obxectivo parcial que se puxeran en marcha dúas novas liñas que antes non estaban en marcha. De tal maneira Ponte Nafonso pasa a ter un servizo a demanda para que ese autobús en concreto. Isto foi o que se concedeu pola Consellería e aínda que non nos parece suficiente é o que se concedeu.

Toma a palabra a Sra. Suárez que indica que partimos da base que é competencia da Xunta e é esta quen levan dándolle a concesión á mesma empresa dende fai 40 anos e tamén esta empresa é a empresa que ten un 75% das liñas de toda Galicia e resulta que no prego de condicións que se presenta ante a Consellería e polas que gaña a adxudicación destas liñas unha das cousas que puntual é ter un punto de atención ao usuario. Ese punto non existe é algo virtual a onde teñen que chamar é a estación de autobuses anterior ou posterior. Pola Ponte Nafonso chegou a pasar un autobús cada dúas horas e agora temos que conformarnos con dúas liñas as que temos que chamar previamente, máis que un requirimento merece algo máis pola súa parte.

Toma a palabra Sr. González que lle indica as xestións que fixeron, en calquera caso non tivemos ate o momento a comunicación de ningún veciño de problemas con este teléfono e indagaremos sobre este tema e tratamos de atender o que nos piden os veciños.

PREGUNTAS ESCRITAS PARA ESTE PLENO:

- **Do PP:**

1ª PREGUNTA.

Estanse achegando as datas das Festas do Verán que tradicionalmente se organizan dende Concello, e non percibimos que haxa movementos ao respecto.



Sabemos que debido á pandemia que aínda nos acompaña, as celebracións terán que estar supeditadas as normas sanitarias correspondentes, pero imaxinamos que dentro desas restricións o Goberno Municipal programará algunha actividade ou actuación que respecte ese condicionantes.

De ser así:

- 1.- ¿Que programación ofrecerán aos veciños para celebrar as Festas?
- 2.-¿Cando e como farán pública esa programación?

Responde o Concelleiro de Cultura que indica que este ano dadas as condicións sanitarias tampouco se van a organizar festas de gran calado o que si e como se viña facen adicaranse dúas primeiras de xuño e durante o venres, sábado e domingo haberá concertos, actuacións, monólogos, actuacións de rúa e as tradicionais celebracións relixiosas e a publicación está prevista que saia mañá o cartel.

- **Do BNG:**

PREGUNTA 1ª. O BNG leva un par de meses recompilando información a través de preguntas no rexistro municipal. Ata en dúas ocasións pedimos, con distintas fórmulas, que nos deran acceso á factura ou contrato coa empresa que lles organizou o AtardeSer do 2019. Nas primeira ocasión na que se lle solicitou información obtivemos a seguinte resposta textual: “Non constan contratos relativos a organización deste evento”. Naquela ocasión fixeron uso da plataforma electrónica cun documento asinado. Na seguinte foron máis taxativos “Non existiron contratos de xestión e realización do AtardeSer 2019” pero, iso si, foi a través dun correo ordinario sen asinar. Debéuselles estragar a plataforma xusto ese día. Pois ben, permítannos insistir no mesmo tema. Na páxina web da empresa de organización de eventos “Corre ve y dile” aparece no seu listado o evento “Atardeser en Broña” coa seguinte descripción: “Deseño, actividades e coordinación de produción da iniciativa AtardeSer en Broña. 2019. Concello de Outes.”. Pódenos explicar cal é a relación desta empresa co concello? Por que non nos ofreceron máis información que o non por resposta?

Responde o Sr. González que indica que a única relación que tivo co Concello esa empresa foi porque prestou ese servizo de AtardeSer 2019, nós ofrecémoslle a información que vostedes solicitaban. Preguntaban por un contrato e nós reiteramos esa información, esta empresa prestounos este



servizo pero non se chegou a tramitar un expediente de contratación porque non nos deu tempo e tiñamos que organizar as festas. Houbo un contacto verbal como hai con moitos provedores, prestouse este servizo e pagouse.

Toma a palabra o Sr. Núñez que afirma que está alucinando por cores coa resposta, vostedes como Goberno de Outes non entenderon a información que queríamos e segundo que había información que tiñamos que dar e non nos deron. Agora nos di que houbo un pago e non nos dan absolutamente nada que un non por resposta, paréceme increíble. A parte de que teñamos un Concelleiro de cultura que cobra un salario e que se externalizara o seu traballo a unha empresa privada, é impresionante. Vostedes teñen a indecencia de que nos dous requirimentos de información e no segundo fomos bastante claros e non nos deron ningunha información, só que non existe ese contrato. O que lle pedimos é toda a información e se houbo un pago terá que esixir polo menos unha factura que solucionase ese pago.

Toma a palabra o Sr. González que indica que se o BNG pregunta por un contrato con unha empresa e nos dicimos que non houbo contrato é que non o houbo e se vostede pregunta por unha factura diríamoslle que esta é a factura, non temos ningún problema. Non vemos ningún problema de contar con profesionais para realizar eventos independentemente de que teñamos un Concelleiro moi capaz e moi válido e que traballa sen dúbida de forma excelente, pero iso onon quere dicir que non contemos con profesionais.

PREGUNTA 2ª. Dentro das iniciativas do BNG para defender os intereses da veciñanza ante o desenvolvemento desmedido dos parques eólicos no noso concello presentamos dúas mocións para a declaración de ENIL do monte da Pena e do espazo intermunicipal da fraga de San Paio-Santa Lucaia. Que xestións fixeron ate o momento? En que estado se atopa a tramitación destes espazos? Cando pensan contar coa declaración oficial de ENIL en cada espazo?

Responde o Sr. González que en canto ao Monte da Pena estase traballando abriuse expediente para a declaración de ENIL, que non depende de nós senón da Xunta de Galicia e non só depende do acordo do Pleno senón tamén dos veciños. A semana pasada recibimos un estudo arqueolóxico que se vai anexar ao expediente e que se adire ao que fixo o biólogo e unha vez que tiñamos o documento concreto seguiremos. En canto ao ENIL da zona de San Paio fago referencia a esta cuestión que está en Mazaricos e que hai un



acordo co Concello para facer un traballo conxunto e xa hai unha zona delimitada, traballo do biólogo e segue elaborando o seu informe para completalo e ver os pasos que se dan.

Toma a palabra a Sra. Suárez que indica que se o Sr. González é consciente ou faiño a propósito esta actuación, non cabe outra explicación. Cando sae a exposición pública os parques eólicos estes informes deberían estar feitos, fai máis dun ano que presentamos as mocións. E dime que están pendentes de tramitación dos informes, non fai máis que retractarse e cal é o seu proceder e é que lles da exactamente igual pero despois foto e contratan unha asesoría para nada, deixe de tomarnos o pelo e deixe de malgastar os cartos, son os cartos dos veciños de Outes. Deixe de enganar aos veciños de Outes.

Toma a palabra o Sr. González que reitera que a declaración de ENIL non depende do Concello e informe de arqueólogo está na Dirección xeral de Patrimonio e sobre a retórica sobre o tema eólico para que o teña en conta nós preparamos alegacións ao parque eólico de Maragouto, o único Concello que presentou alegacións dese proxecto foi o Concello de Outes.

PREGUNTA 3ª. Coincidimos na necesidade de ampliar e mellorar os servizos municipais de conciliación e coidados. Neste mesmo sentido, unha das nosas primeiras mocións era a da creación dunha escola infantil pública “Galiña Azul”. Pasaron xa dous anos e non nos consta ningún avance neste sentido. Que xestións se realizaron para conseguir unha escola infantil da Xunta no concello de Outes? Houbo algún tipo de negociación coa Xunta? De habela, en que situación se atopa?

Responde o Sr. González que hoxe mesmo mantiven unha reunión coa Conselleira de Política Social e neste punto en concreto non atopamos a receptividade que pretendíamos a Xunta non está pola labor de adherir o noso P.A.I. a rede de Galiña Azul, e esa era a nosa intención. Nós imos seguir na liña de prestar un bo servizo de conciliación e un servizo de calidade e equiparable ao dun servizo infantil.

PREGUNTA 4ª. Están en marcha as obras dos baños públicos de Broña, iniciativa presentada tamén polo noso grupo, e que agardamos que estean rematados canda antes. Ao mesmo tempo, tamén está en construción o aparcadoiro municipal de 2 autocaravanas que tanto ansían meter en Broña. Iso si, o concello de Outes aínda non conta cunha ordenanza que poida rexer



este espazo ou outros lugares onde poidan estacionar este tipo de vehículos. Pensan abrir o aparcadoiro antes de ter unha regulación? Comezaron a facer algo neste sentido? Por que non temos acceso os grupos da corporación?

Responde o Sr. González que antes de que o BNG xa había propostas dos veciños, teño que recordar que a proposta inicial o que ía ser una zona con prazas quedou reducido a dúas que non se poden concibir como tales e van a servir para dous puntos de carga e descarga, un de auga limpa e outro de auga sucia e algún servizo máis e terán unhas normas de funcionamento. Non vai a haber unha regulación especial para algo que o final non é o que se pretendía.

Toma a palabra a Sr. Suárez que indican que neste asunto foron moi claros e que Broña non era un bo sitio para un aparcadoiro e foi o seu goberno o que quixo poñelas aí. Agora atopámonos con dúas prazas de aparcadoiro que van a xerar gastos no noso Concello de auga , electricidade e non van traer nada a cambio, ningunha repercusión positiva e imos complicar o estacionamento. Non acabamos de ver o lado positivo de todo isto e menos sen unha ordenanza municipal.

Toma a palabra o Sr. González que indica que o grupo de Goberno están as normas de uso e a proposta tal e como finalmente quedou con dous puntos de atención e nós tivemos reunións específicas nas que se lle deu visto bo.

PREGUNTA 5ª. En febreiro fixo un ano da moción do BNG para a limpeza da marea na zona de Espiñeiro e a creación dun espazo de dignificación deste ben natural no noso concello. Por iso foi que lle fixemos unha pregunta para saber por que aínda non se limpara a zona nin contábase con ningunha actualización sobre a cesión destes terreos para a posta en valor do lugar. Pasaron uns meses e volvemos preguntar: fixo algo o goberno dende a última vez que preguntamos para limpar este espazo protexido? En que punto se atopa a tramitación de cesión destes terreos?

Responde o Sr. González que seguimos en contacto con costas do Estado que é que ten a titularidade de parte dos terreos e está comprometida a limpeza e os outros terreos son privados. Os propietarios están dispostos a limpalo pero que coincida cando se faga cos dos terreos contiguos que faga o Estado.

Toma a palabra a Sra. Suárez que indica que o Goberno debería de insistir un pouco máis porque van dous anos e seguimos igual. Resulta que Costas pode permitirse



ter unha zona que termina contaminando a marea e espero que o consiga e mellor que o de retirar os escombros que só os estenderon.

PREGUNTA 6ª. Xa temos exposto publicamente o seu mal proceder na contratación dos servizos do Outes Concilia sen participación pública. Este ano pensan proceder da mesma maneira ou van convocar un concurso público? Cando se anunciará?

Responde o Sr. González que se imos facer unha licitación ese é o noso desexo pero a cuestión que un expediente de licitación leva tempo preparalo e ten que haber servizos humanos. Somos conscientes pero os expedientes de licitacións específicos son moi complexos e a nosa vontade é licitar este servizo.

PREGUNTA 7ª. Fai meses que é público o trazado completo do camiño de Santiago de Compostela pola nosa ría. Se ben é certo que o trazado está colgado na páxina do xeodestino aínda non se actualizou a páxina de turismo local. Non pensan facelo? Se o van facer, cando?

Responde o Sr. González que non miraron a páxina antes desta pregunta dende primeiros de mes e foi unha das cuestións que lle trasladamos de quen deseñou a web.

- PREGUNTAS ORAIS PARA O SEGUINTE PLENO:

- **Do PP:**

1ª PREGUNTA. Con un mais que considerable tempo de atraso, en abril do 2021, moitos meses despois de que o puideron ter vostedes feito, sacaron a licitación as actuacións incluídas no POS+ 2020. Polo que podemos ver na Plataforma de Contratación do Estado, dende ese mes de abril, no que finalizou o prazo de presentación de ofertas, non houbo adxudicación de ningunha desas obras e os veciños seguen sen poder gozar das actuacións pendentes.

1.- ¿Cando teñen pensado facer a adxudicación das obras do POS+2020?

2.- ¿Van ter que esperar os veciños por elas o mesmo que esperaron polo POS+2019, que se podían empezar a adxudicar a comezos do 2º semestre do 2019 e aínda están rematando varias actuacións nestes días.



2ª PREGUNTA. No Pleno Ordinario do mes de Febreiro pasado fixémoslle unha pregunta ao goberno sobre a retirada das proteccións dos contedores da estrada AC 196 ao seu paso por Pontenafonso, contestáronnos que os retiraran debido a que non pediran o correspondente permiso para a súa instalación á AXI, requiríuselles a súa retirada por poñelos sen cumprir a normativa vixente, tamén nos dixeron que estaban estudando outra localización para instalalos de novo. Como vemos que xa pasou bastante tempo dende aquela e non nos consta que lle deran solución ao asunto, queremos saber:

- 1.- ¿Empezaron a estudar o tema?
- 2.- ¿En que proceso se encontra a reposición das proteccións?
- 3.- ¿Cando teñen previsto volver a instalalas?

3ª PREGUNTA. Con respecto á proliferación de baches nas estradas municipais queremos facerlle ao Goberno Municipal a seguinte pregunta:

- 1.- ¿Cantas veces saíu no último ano a Brigada de Obras do Concello a facer reparación de baches nas estradas municipais?
- 2.- De ter saído nalgunha ocasión, ¿en que lugares se actuou?

- **Do BNG:**

1ª PREGUNTA: En relación coa empresa que organizou AtardeSer 2019:

1. A canto ascende a cifra que facturou para realizar este evento?
2. En que consistiu, detalladamente, este traballo?
3. Parécelles normal ter un Concelleiro a soldo e externalizar o seu traballo no sector privado?

2ª PREGUNTA. Vostedes o concepto de transparencia como o entenden? Porque se lle preguntamos nunha cuestión en concreto, porque non nos dan máis información? E que non entenden cal é o contexto das cousas? Porque non nos deron a información?

3ª PREGUNTA. En relación coas obras de Humanización da rúa da Capela, que por fin comezaron, case dous anos despois de aprobalas no Pleno, temos varias cuestións:



- Parécelles normal que comecen xusto en tempada alta nunha das rúas que máis baixos comerciais ten en todo o Concello?

- Porque non intentaron atrasar ou adiantar? Se podían comezalas antes, porque quero lembrar vostede deu unha rolda de prensa en novembro anunciado que nas vindeiras semanas ían comezar entre outras actuacións a de esta rúa. Porque xusto comeza agora en xuño? Non teñen capacidade ningunha de convencer á empresa de adiantar ou atrasar? Porque, xa que, esa rúa leva esperando case dous anos a que se acometan esas obras, ben se podería esperar a que pasara cando menos a tempada alta e non afectara aos negocios, que xa bastante están pasando neste momento.

4ª PREGUNTA. Entendemos que certos procesos administrativos non son o rápido que nos gustaría, queremos felicitar ao goberno local a súa xestión sobre o busto de Sabardés o Freixo, o que nos gustaría saber é:

- Que teñen pensado facer con el e onde teñen pensado poñelo? Gustaríanos ter unha constancia pública e si teñen algún plan ou cal é a súa intención.

PREGUNTA 5: Xa fixemos algún rogo sobre o derrube parcial da casa parroquial de Outes que aínda segue alí, a nosa pregunta é:

- Fíxose algún trámite dende o Concello para adecentala zona ou para asegurar a integridade do edificio? Porque podería ser perigoso. Gustaríanos saber se houbo algunha actuación nese sentido e cando se vai actuar nesta zona?

PREGUNTA 6: Aínda reparei hoxe que se lembraron de colgar a bandeira LGBT no balcón e queremos felicitalos, igual que o ano pasado rexistramos unha moción entre outras cousas para facer unha declaración institucional pero tamén co espírito que dende o Concello se realizasen máis actividades neste sentido.

- Vai facer algo máis o Concello a parte de colgar a bandeira? Ou vai quedar simplemente neste xesto?

- Partido Socialista:

PREGUNTA 1: Que se vai facer no terreo que hai na marxe dereita á saída da Ponte de Langaño cara Noia?

PREGUNTA 2: Pensan vostedes limpar as praias da lonxe de Portosiavo?



PREGUNTA 3: Sabendo que non é o Concello o responsable da concentración parcelaria, quixera saber, en que situación esta o proceso iniciado polo PP sobre S. Xulián de Tarás? Se mantén o Concello algún contacto coa administración para facer un seguimento? Se é así como está a situación actual?

Abandona o Pleno da Corporación o Sr. Caamaño concelleiro do Partido Socialista.

7. ROGOS.

- Do PP:

1º ROGO

Despois de ter durante semanas sen arranxar o derrubamento do vial que vai do Colexio do Cruceiro a Brión de Arriba, e tamén sen sinalizar convenientemente coa consecuente posta en perigo dos usuarios da estrada, vemos que por fin se construíu un muro de contención. Rogámoslle ao goberno municipal que completen a actuación cunha varanda que minimize o perigo de caídas a distinto nivel no lugar.

2º ROGO

No Paseo do Río, á altura do Parque do Areal, parte do pedraplén que contén o paso peonil deslizouse cara o río, quedando este descolgado e sen base firme. Pensamos que é un grave perigo para os viandantes, polo que lles rogamos que o sinalicen convenientemente de inmediato e que tomen as medidas necesarias para proceder a súa reparación.

3º ROGO

Moitos veciños das distintas parroquias trasládannos que observan que hai moita deixadez na limpeza das pistas e outros enclaves de titularidade municipal. Pedímoslle que poñan mais empeño e eficiencia no adecentamento das estradas municipais e que ese empeño non se limite a poñer un cadro no Facebook do Concello que pode quedar moi aparente de cara á galería pero que non vale de nada se non se ve reflexado na realidade diaria, como adoita a suceder

4º ROGO



Varios veciños usuarios das actividades deportivas do verán, particularmente de Zumba Rapazada e Pilates que terán lugar na Praza do Bosque os luns as 11:00 h e martes as 10:00 h respectivamente, dinnos que están sorprendidos pola localización desas clases, habida conta de que saben que no ano pasado houbo queixas dende o Centro de Saúde polas molestias que, dada súa proximidade, supoñía o volume da música no desenvolvemento da actividade sanitaria. Rogámoslle que teñan en conta esta circunstancia para que o desenrolo das actividades programadas se produza con normalidade.

5º ROGO

Lamentamos ter que facerlle de novo este rogo, que levamos repetindo dende hai 7 meses. Xa imaxinaron que se trata do lamentable estado da estrada municipal que vai de Entíns a Fontenlos, cuxa **inmediata** limpeza de beiras e plataforma se aprobou no Pleno Ordinario de Novembro pasado. Non lles vou a describir de novo o estado no que se encontra, soamente dicirlles que, como é normal, empeora co paso do tempo. Rogámoslles que lles teñan a consideración que merecen aos usuarios da vía, sobre todo aos veciños de Fontenlos, que son os mais afectados, e que procedan a adecentala.

6º ROGO

Vemos que anuncian vostedes con bombo e platillo na pax web do Concello a visita a algunhas parroquias para facer entrega de composteiros a algúns veciños. A nosa proposta é pedirilles que aproveitando esta circunstancia se acheguen vostedes a eses veciños para tomar nota das súas peticións con respecto á confección deses Orzamentos Participativos que anunciaban no seu programa electoral e que vemos que na realidade se quedou nunha promesa incumplida, como tantas outras, dentro da súa liña de crear expectativas para xerar frustracións. A nos parece que a estas alturas do ano cando xa van fora 6 meses, é hora de que fagan vostedes algo ao respecto do Orzamento anual. Unha cousiña mais, non esquezan vostedes incluír, se fan caso da nosa proposta, tamén nesa petición de necesidades aos veciños das parroquias de San Cosme, San Lourenzo e Outes, porque, descoñecemos o motivo, pero no cartel de reparto de composteiros non figuran.

- **Do BNG:**

Parroquia de Entíns:



- Queremos sumarnos ao rogo que se fixo noutras ocasións por outros partidos para instalación dun espello do crece de Entíns con Coiradas e gustaríanos que así fora. E instalar novos espellos para aumentar a seguridade vial xusto nas entradas de Agra de Entíns ata o lugar de Pazos.
- Nas parroquias pequenas aínda non hai ningunha delas que conte cunha suxeición adecuada de contedores o cal tamén hai contedores estragados, sucios, que non se fixo ningún mantemento e sería importante proceder neste sentido.
- Na Agra de Entíns hai diversas pistas da mesma que presentan unhas deficiencias importantes e que habería que actuar para solucionarlas sobre todo tendo en conta que hai obras e que vai aumentar o tráfico das pistas colindantes.
- Arranxar a estrada de Entíns-Fontenlos que é moi triste que se teña que rogar tantísimas veces para que se teñan que facer unhas mínimas actuacións.
- Rogamos que insten ao arcebispado a que actúe para preservar a casa parroquial de Entíns que leva moitos anos en abandono e estaría moi ben e que se adecentara e limpara.
- Existen diversos puntos nos que faltan sinais de Stop ou onde non hai a visibilidade adecuada e onde se deberían de poñer nesa zona.

Parroquia de Tarás:

- Só se lembrar de ir limpar os camiños unha vez ao ano e que nalgúns casos descoñecen da existencia dalgúns viais. Rogamos comencen o mantemento en xeral do Concello e da parroquia.
- Varios veciños puxéronse en contacto con nós para trasladarnos que se lles dixera que se ían colocar unhas canastras de baloncesto na pista e aínda seguen agardando. Rogamos que as instalen e arranxen os danos da mesma.
- No lugar da punta de Seilán xusto debaixo da ponte o seu abandono é calamitoso, hai un vertedoiro incontrolado abaixo e rogamos que manteñan o espazo e limpen e fagan cargo do vertedoiro descontrolado.



- Rogamos que engadiran un espello na última curva da costa do acceso dende a gasoleneira ata a Taberna do Pesco porque é unha costa moi empinada e unha curva moi pechada con ausencia e visibilidade.
- Rogamos que engadan espellos para aumentar a visibilidade nas curvas máis pechadas da Gadeira.
- É necesario un arranxo do firme nos viais de Ceilán e a limpeza do seu lavadoiro que leva moitos anos sen actuar sobre ela.
- Suxeitar contedores como por exemplo enriba da fonte e limpar varios que están moi sucios.

Fora destas dúas parroquias tamén queremos traer outra petición que nos traslada os veciños:

- Que o pequeniño tramo que ten acceso xusto coa intersección coa avenida de Fisterra e que ademais agora é unha baixada dun único sentido, gustaríanos que mantiveran ese espazo.
- Volvemos a rogar pola seguridade vial que na curva do Conchido entrando á Serra na avenida de Compostela xa houbo varios accidentes e rogámoslle actúen para mellorar a seguridade vial dos peóns e que actúen o remendo que se fixo coas baldosas xa que o única que se fixo foi botar un caldeiro de cemento
- Fai pouco fixéronse unhas actuacións no camiño de Mastontán e a empresa non limpou a garela solta que quedou, instamos a que a limpen e que rematen o seu traballo e arranxar os cables telefónicos que quedaron descolgados.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Remata a sesión ás 23:30 horas do que, como Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



A gravación do Pleno pódese consultar no seguinte enlace:
<https://www.youtube.com/watch?v=mXJScqcGei8>

